

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 23 de xuño de 2008, cómpre realizar a oportuna modificación:

Na páxina 12.279, dentro dos contidos comúns de Ciencias da terra e ambientais, no parágrafo de Interfaces, onde di: «Arrecifes e fleirais»; debe dicir: «Arrecifes e mangleirais».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 9 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaria xeral no segundo cuadrimestre do ano 2008.

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Secretaría Xeral de Comunicación e tramitados pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, no segundo cuadrimestre do ano 2008, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2008.

Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

ANEXO

| Convenio | Data sinatura | Importe |
|---|---------------|----------|
| Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a <i>Fundación Universidade da Coruña</i> para a realización conxunta de accións formativas no eido audiovisual | 26-5-2008 | 30.000 € |
| Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e a Federación de Cineclubes de Galicia para a realización de ciclos e semanas de cine e organizar un curso de formación de proxeccionistas | 26-5-2008 | 30.000 € |

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 25 de setembro de 2008, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2008.

En virtude do establecido no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega,

DISPOÑO:

Artigo único.-Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Economía e Facenda nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2008, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2008.

M^a Inmaculada Viña Carregal
Secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

ANEXO

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Economía e Facenda nos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2008

| Convenio | Importe (€) | Data sinatura |
|---|----------------------|---------------|
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Vigo para o asesoramento e explotación da segunda edición do observatorio fiscal. | 25.000,00 | 28-7-2008 |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e <i>Antena 3 de Televisión, S.A.</i> para a realización dunha campaña informativa de divulgación da nova Lei galega de medidas tributarias en relación co imposto de sucesións e doazóns. | 47.998,41 | 29-8-2008 |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e <i>Televisión de Galicia, S.A.</i> para a realización dunha campaña informativa de divulgación da nova Lei galega de medidas tributarias en relación co imposto de sucesións e doazóns. | 89.594,92 | 29-8-2008 |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Confederación de Empresarios de Galicia para o apoio económico relativo á área de servizos a empresas e organizacións empresariais para accións desenvolvidas no marco da Rede de servizos de apoio á empresa e a innovación (<i>Enterprise Europe Network</i>). | 300.600,00 | 21-7-2008 |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense (Sogarpo), polo que se establecen as condicións xerais de presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. | Sen achega económica | 2-7-2008 |
| Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e Afianzamentos de Galicia, Sociedade de Garantía Recíproca (Afígal), polo que se establecen as condicións xerais de presentación telemática de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. | Sen achega económica | 2-7-2008 |
| Convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Facenda e a Consellería de Economía e Facenda para o intercambio de información sobre riscos asumidos polas entidades locais na súa área xeográfica, que formarán parte da Central de Información de Riscos das Entidades Locais (CIR-Local) | Sen achega económica | 24-7-2008 |